



## **PROPOSTA DE BASES DO ENTROIDO 2023 DO CONCELLO DE PONTECESO: XXIX CERTAME DE DESFILE DE DISFRACES “PONTE DE ENTROIDO”**

Coa finalidade de promover e recuperar unha festa tradicional popular como é o Entroido, o departamento de Cultura do Concello de Ponteceso convoca este XXIX “PONTE DE ENTROIDO” coas seguintes bases:

### **Primeira.-OBXECTO**

De conformidade co previsto na lei 38/2003 de subvencións, constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do concurso de disfraces do Entroido que se celebrará o domingo 18 de febreiro, na praza do Relleno e no pavillón municipal de Ponteceso, de 17.00 a 21.30 h, aproximadamente, organizado pola departamento de Cultura do Concello do Ponteceso.

### **Segunda.- CRÉDITO ORZAMENTARIO**

Os premios previstos para o concurso regulado nestas bases imputaranse contra a aplicación orzamentaria 2023.334.480.00 (RC núm. de operación 220230000481 e núm. de referencia 22023000242 por importe de 3.000,00 €)

### **Terceira.- PARTICIPANTES**

Poderán participar tódalas persoas que o desexen.

### **Cuarta.- CATEGORÍAS**

#### **Cuarta.1.– CATEGORÍA DE DISFRACES (sen axudas económicas)**

Nos desfiles infantís non será preciso inscribirse. Os nenos e as nenas de ata doce anos con disfraz poderán participar no desfile marcado pola organización.

#### **Cuarta. 2.– CATEGORÍA DE COMPARSAS**

Hai tres categorías segundo o número de compoñentes: once ou máis persoas, de seis a dez integrantes e de cinco ou menos membros.

#### **Cuarta .3.– CATEGORÍA DE CARROZAS**

As categorías son as mesmas que para as comparsas.

Enténdese como carroza calquera estrutura remolcada por vehículo motorizado ou construída sobre el, cunha decoración especial e cunha elaboración debidamente coidada, cun mínimo de 2 rodas e con capacidade mínima para 4 persoas, e sempre que a organización a cualifique coma tal.

### **Quinta.- BENEFICIARIOS**

Poderán ser beneficiarios dos premios previstos nestas bases todas as persoas, así como as agrupacións de persoas físicas constituídas para a consecución dos fins sinalados como obxecto de premio, e que cumpran os seguintes requisitos:



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

EXPEDIENTE NÚMERO 2023/A002/000001

- a) Non estar incursas en ningún dos casos previstos no artigo 13.2 da lei xeral de subvencións.
- b) Non ter co concello débedas ou sancións tributarias en período executivo, salvo que se trate de débedas ou sancións tributarias que se atopen aprazadas, fraccionadas o cuxa execución estivese suspendida.
- c) Non ter pendente de xustificar subvención concedida polo concello.

Aquelas persoas comprendidas no rango de idade 13-18 anos así como as que non teñan plena capacidade de obrar que desexen participar deberán facelo sempre coa preceptiva autorización do titular da patria potestade ou tutela, segundo modelo anexo a estas bases.

## Sexta.-RÉXIME DE CONCESIÓN DOS PREMIOS

### Sexta.1- ASPECTOS XERAIS

É obrigatorio, para optar aos premios, facer o pasacalle con saída da praza do Relleno ata o pavillón municipal (se chove suspéndese e iremos directamente para o pavillón), subir ao palco a representar unha actuación non superior a 5' de duración (musical, teatral, etc. presentando, no momento da inscrición, a gravación musical ou o material necesario para a actuación) ou ben realizar unha exhibición das carrozas ou doutros acompañamentos.

A organización establecerá a orde no desfile e a orde de actuación, no caso das comparsas e disfraces. As carrozas colocaranse no patio superior ó pavillón durante a celebración da festa. As decisións tomaranse atendendo a criterios de seguridade.

A organización poderá descualificar aquelas propostas que se consideren vexatorias.

Non se autoriza a participación de animais como acompañantes.

Aquelas que se presenten no mesmo día terán que consultar coa organización a posibilidade de participar e sempre cumprindo cos requisitos das bases establecidas.

### Sexta.2- PREMIOS

Para este concurso o departamento de Cultura establece os seguintes premios :

11 OU + PERSOAS	6 A 10 PERSOAS	5 OU - PERSOAS	AXUDA ESPECIAL
250 €	200 €	100 €	350 € (non acumulable) a que sexa considerada, polas propios participantes, como a mellor.

\* existe un máximo de 3.000.000 € para o total dos premios que serán entregadas cun cheque simbólico e cobradas por transferencia bancaria despois da debida xustificación (no caso de que haxa un maior número de participantes, este importe repartirase en proporción e diminuirían as cantidades máximas a percibir).

Non son acumulativos, só unha por participante/grupo.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

EXPEDIENTE NÚMERO 2023/A002/000001

### **Sexta.3.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DOS PREMIOS**

Os premios das categorías 11 OU + PERSOAS, 6 A 10 PERSOAS e 5 OU - PERSOAS outórganse polo simple feito de participar, previa inscrición no caso dos maiores de 12 anos, no XXIX CERTAME DE DESFILE DE DISFRACES “PONTE DE ENTROIDO”.

O premio denominado AXUDA ESPECIAL será outorgado polos propios participantes ao considerado como mellor atendendo aos seguintes criterios: orixinalidade, laboriosidade e deseño do disfraz así como á simpatía e á posta en escena de cada participante.

### **Sexta.4- PAGO DOS PREMIOS**

O pago de premios en metálico concedidos farase efectivo mediante transferencia bancaria ao número de conta indicado polos premiados. **No momento do pago practicarase as oportunas retencións segundo a normativa tributaria vixente.**

No suposto de premios compartidos por unha pluralidade de persoas, o pago proratearase a partes iguais entre todos os premiados que cumprisen o disposto nestas bases e achegasen a documentación requirida.

Polo que respecta aos desfiles infantís, os nenos e nenas de ata doce anos con disfraz recibirán un agasallo segundo existencias.

### **Sétima.-PUBLICIDADE E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

Unha vez aprobadas as presentes bases e convocatoria por resolución da Alcaldía-Presidencia, serán obxecto de publicación íntegra no «Boletín Oficial» da provincia da Coruña, publicándose extracto da convocatoria no «Boletín Oficial» da provincia da Coruña por conduto da Base Nacional de Datos de Subvencións, o cal conterá como mínimo:

- 1º) Obxecto.
- 2º) Beneficiarios.
- 3º) Data da publicación das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia.
- 4º) Prazo de presentación de solicitudes.
- 5º) Identidade do Xurado.

O prazo para a presentación de solicitudes abrangue dende o día seguinte ao da publicación destas bases no BOP e rematará o 17 de febreiro ás 12.00 h.

### **Oitava.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

As solicitudes e no seu caso a documentación adicional deberanse entregar:

- 1º) No Rexistro Municipal do concello, en horario de 09.00 a 14.00 horas os días laborables.
- 2º) Nas oficinas de correos nos termos previstos no RD 1829/1999 no seu artigo 31.
- 3º) Na Sede electrónica Municipal (<https://sede.ponteceso.gal/>).

### **Novena.- DOCUMENTACIÓN**

A documentación a presentar é a seguinte:



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

EXPEDIENTE NÚMERO 2023/A002/000001

- Solicitude, segundo modelo que se acompaña no anexo I, asinada polos interesados, ou por quen teña conferida a representación no que se inclúe declaración responsable de atoparse ao corrente dos seus deberes fiscais con este Concello, e a facenda pública e estatal, así como a seguridade social e de que o(s) solicitante(s) non se atopa(n) en ningún dos casos de prohibición para obter subvencións establecidas no artigo 13 da lei xeral de subvencións.

Polo que respecta aos desfiles infantís (nenos e nenas hasta 12 anos con disfraz) poderán participar no desfile marcado pola organización sen necesidade de inscrición.

#### **Décima.- ACEPTACIÓN DAS BASES**

A participación no concurso do Entroido 2023 en Ponteceso implica o coñecemento e aceptación destas bases así como a autorización para a publicación e uso das imaxes e vídeos orixinados neste evento cultural.

Calquera circunstancia non prevista será resolta pola organización, segundo corresponda, sendo a súa decisión inapelable.

#### **Undécima. - INFORMACIÓN SOBRE O TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS**

En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UW2016/676 do Parlamento Europeo do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación deste datos, infórmase aos interesados dos seguinte: os datos persoais serán incluídos nun ficheiro xestionado polo Concello do Ponteceso. O representante da agrupación poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición recoñecidos na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais mediante correo electrónico a [correo@ponteceso.gal](mailto:correo@ponteceso.gal) ou por correo ordinario ó Concello do Ponteceso (rúa do Concello, 18, 15110, Ponteceso (A Coruña)).

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA**

No non previsto nestas bases será de aplicación a lei 38/2003 de subvencións, a lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, regulamento xeral de subvencións a Lei reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei de Facendas Locais.

Asinado electronicamente na data que figura na marxe.

O alcalde

Xosé Lois García Carballido



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

EXPEDIENTE NÚMERO 2023/A002/000001

## ANEXO I. SOLICITUD DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO

### DATOS DO CONCURSO

DENOMINACIÓN CONCURSO	
TÍTULO DA OBRA:	
BREVE DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN:	
DEIXO CD OU OUTRO MATERIAL PARA A INTERPRETACIÓN (máx. 5´):	

### DATOS DOS CONCURSANTES

**AVISO IMPORTANTE: Aqueles concursantes menores de idade ou sen plena capacidade de obrar deberán acompañar os datos e firma dos seus representantes legais.**

Nome e apelidos do concursante	NIF concursante	Domicilio	Menor de idade ou sen plena capacidade de obrar?	firma	Nome e apelidos do representante	NIF representante	firma



CONCELLO DE PONTECESO  
 Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

EXPEDIENTE NÚMERO 2023/A002/000001


**DECLARAN QUE:**

- No caso de ser titores ou representantes legais dos concursantes, autorizamos aos nosos representados a participar no concurso segundo as bases xerais aprobadas polo concello e publicadas no BOP da Coruña de data....., de conformidade coa convocatoria feita por Resolución de Alcaldía de data ..... aceptando incondicionalmente os deberes derivados das mesmas.
- En caso de participar en nome propio, coñecemos e acatamos incondicionalmente o contido das bases xerais do concurso aprobadas polo concello e publicadas no BOP da Coruña de data....., de conformidade coa convocatoria feita por Resolución de Alcaldía de data .....aceptando incondicionalmente os deberes derivados das mesmas.
- Os concursantes están ao corrente do pago dos seus deberes tributarios coa facenda estatal, autonómica e do concello, así como coa Seguridade Social e non se atopan en ningún dos casos de prohibición para obter subvencións establecidas no artigo 13 da lei xeral de subvencións.
- No suposto de ser premiado, autorizo ao Concello de Ponteceso para solicitar telematicamente os certificados de estar ao corrente cos deberes tributarios e da Seguridade Social dos organismos titulares da devandita información.
- Que no suposto de ser premiados, outorgan a súa representación para todas as xestións pertinentes para a cobranza dos premios a:

Nome e apelidos	NIF	Domicilio	Teléfono	Correo electrónico

Coa sinatura dos representantes autorízase ao Concello de Ponteceso á divulgación das fotografías que se realicen neste evento cultural. No caso contrario sinala o recadro que segue:

**NON** autorizo á cesión de imaxe

A inscrición neste concurso implica a aceptación das bases do mesmo.

**SOLICITA(N):**

Presentar a súa candidatura conxunta para recibir o premio convocado no concurso que figura no encabezado